

As filloas dos superpoderes

Ola, queridos lectores, antes de comezar douvos as grazas por ler este conto. Chámome Lois, teño dez anos e vivo en Lugo. Neste pequeno conto contareivos unha historia que miña nai (chamada Alba) sempre me conta antes de durmir. Hai centos de anos existiu un mago que se chamaba Izan, tiña 9 anos. Izan vivía nun palacio, no medio do bosque. O palacio, por fóra, estaba cheo de hedras. Ese palacio construírao seu pai (chamado Milón) antes de morrer, pobre Izan, quedara roto sentimentalmente. Axudáralle a todo seu pai: axudaralle a ter puntaría co arco que tiña, a cazar para comer, a facer maxia, a facer apócemas... ata lle ensinou o que era máis poderoso: o bote dos superpoderes! Dixéralle que era unha apócema que contiña todos os viláns que habitaran a Terra había corenta anos. O pai mentíralle: sabía que se lle contaba a verdade ía acabar collendo o bote e beberíao. Izan creuno, ¿como non ía crer o seu pai? Se era o mago máis alucinante e poderoso da historia, ademais gañara máis de cen trofeos de maxia! odos eran de facer apócemas de todos os tipos, de facer maxia, de ser moi intelixentes e moitas outras cousas. Agás un: ese trofeo tíña baixo chave, gañáralo por inventar os superpoderes. Segundo el, non foi adrede; ía un día polo bosque e atopouse cunha vara, colleuna e foi por unhas laranxas. Cando chegou á casa apertounas, caeulle a vara no zume de laranxas e formouse un líquido gris clariño... Pero agora falaremos do presente!

Esta historia transcorre en 5 días:

PRIMEIRO DÍA:

Tres anos despois, Izan quixo facer unha batalla contra todos os viláns do pasado, armouse cunha espada e unha apócema da morte. Logo colleu o bote e aínda que puña non abrir, abriuno. El mesmo contemplou que non era nada como o que lle dixerá seu pai.

Ogallá puidese saber a verdade, pensaba Izan.

Ese mesmo día estaba facendo filloas e cando mirou o líquido dixo: ogallá que non sexa tóxico, porque maña vouñas vender na feira», e botouno nas filloas.

SEGUNDO DÍA:

Ao día seguinte, Izan foi vender as oito filloas á feira. Ao pouco de abrir o posto, apareceu un grupo de oito nenos e nenas: eran cinco nenas e tres nenos. Izan preguntoulles o seu nome e díxolles onde vivía. Izan lembraba os nomes perfectamente, eran: Andrea, Ana, Adrián, Aldara, Erika, Iker Francos, Saínza e Iker Agrelo.

Izan estaba preocupado por poder facerlles dano aos seus novos amigos porque descubrira, grazas ao seu reloxo defensor do ben, que había unha placa de cinco viláns. Deuse conta de que se coas filloas os puña enfermos, os viláns comezarían por eles e outros enfermos. Porque un vilán sempre comeza cos febles para tentar facerlles ver aos outros que morreron da enfermidade e así entristecelos para volvelos débiles a eles tamén.

TERCEIRO DÍA:

Ao día seguinte ergueron cedo, xa que tiñan que ir á escola. Os nenos e nenas vivían xuntos nunha cabana, xa que lles gustaba moito máis estar xuntos porque se axudaban os uns aos outros, como fan os amigos, ou porque lles gustaba xogar xuntos.

A cabana estaba dividida en oito habitacións, dous baños, unha cociña, unha sala e unha sala de xogos.

Os nenos e nenas encontráronse moi raros. Decidiron ir á casa de Izan, estaba moi lonxe e no medio do bosque.

Cando chegaron, estaban esgotados e dixéronlle a Izan que se encontraban mal. Izan contoulles todo o tema de seu pai e as apócemas e eles preguntaron de que era aquela apócema. Entón díxolles que non o sabía. Os nenos e nenas dixéronlle que por se acaso ese fin de semana ían ficar no palacio. Izan díxolles que tiña dez habitacións contando a del e que, se querían, podían usar a número dez como sala de xogos.


Cando foi a hora de durmir foron cada un para a súa habitación e durmiron.

CUARTO DÍA:

Cando espertaron, Izan descubriu de que era o líquido do bote que fixera seu pai. Izan berrou da emoción ao saber que seu pai era tan listo como para fabricar superpoderes. Izan díxolles que a partir dese momento ía ser el o seu adestrador, ademais comentoulles a historia da filloa e o bote. Os nenos e nenas berraron: viva!!

QUINTO DÍA:

Este foi o mellor día para toda Muimenta. Os oito superheroes de Muimenta foron desfilando cos seus superpoderes, o seu primeiro combate ía ser cos viláns actuais. Aquí vos deixo a lista dos superheroes e os seus superpoderes:



Os oito superheroes ían ter que loitar contra os malos.

E aquí remata a historia que vos comecei a contar, agardo que vos gustase!

LEMA: Filloas encantadoras

3ª Categoría